

MICROEMPRESA

(A empresa na que a media aritmética do seu cadro de persoal no ámbito territorial de Galicia nos 12 meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención sexa inferior a 10 deberá cubrir os seguintes datos)

EXPEDIENTE

DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA NOS 12 MESES ANTERIOES Á REALIZACIÓN DA CONTRATACIÓN OBXECTO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

MESES	Nº DE TRABALLADORES FIXOS INCLÚIDOS NO TC DO MES DE REFERENCIA	
TOTAIS	A	

MEDIA DO CADRO DE PERSONAL PARA OS EFECTOS DE DETERMINAR SE A EMPRESA É UNHA MICROEMPRESA

A:12

A persoa que asina, no seu nome e no da entidade que representa, declara que os datos arriba indicados son certos e que se corresponden cos datos reflectidos nos documentos TC2 dos respectivos meses.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

(Nome e apelidos e sinatura do/a representante da empresa e selo da empresa)

Asdo.: _____

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 30 de abril de 2010 pola que se modifica a Orde do 23 de decembro de 2009, da Consellería do Medio Rural, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Grelos de Galicia e do seu Consello Regulador, e se nomea o Consello Regulador provisional.

Por orde da Consellería do Medio Rural, do 23 de decembro de 2009, aprobouse o Regulamento da indicación xeográfica protexida *Grelos de Galicia* e do seu Consello Regulador, e nomeouse o Consello Regulador provisional.

En reunión do Pleno do Consello Regulador do 12 de marzo de 2010, aceptouse a renuncia, por motivos persoais, de Enrique Costas Rodríguez como vogal dese consello regulador, así como a súa substitución por Marcos Cid Cid.

Na súa virtude, por proposta do Pleno do Consello Regulador, tendo en conta as consideracións expos-

tas e o disposto no artigo 4 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o artigo 2 da Orde do 23 de decembro de 2009, da Consellería do Medio Rural, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida *Grelos de Galicia* e do seu Consello Regulador e se nomea o Consello Regulador provisional, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 2º.-Nomeamento do Consello Regulador provisional.

Noméase, por proposta do sector, o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida *Grelos de Galicia*, con carácter provisorio ata que se celebren eleccións na forma determinada pola normativa vixente.

Queda formado polos membros seguintes:

-Presidente: José Luis Dadín Rivadas.

-Vogal polo sector produtor:

Begoña Gaute Verdes.

Adalia Fraga Fraga.

Secundino Oural Sanjurjo.

Alejandro Dafonte Liste.

M^a Teresa Santamarina Alonso.

-Vogais polo sector de operadores-comercializadores e almacenistas en fresco:

Javier Alvela Edreira.

José Manuel Fraga Prieto.

Álvaro Lis Fernández.

Lorena López Rocha.

Santiago Galego Castro.

-Vogais polo sector das industrias de procesamento:

Divina Castelo Rey.

Verónica Núñez López.

Marcos Cid Cid.

José Posada González.

Guillermo Díez Iglesias».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Orde do 4 de maio de 2010 pola que se convocan para o ano 2010 as axudas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.

A Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos, regula o réxime xurídico das parzarías e arrendamentos rústicos-históricos de Galicia, entendendo por tales aqueles que se pactaron con anterioridade a agosto de 1942, sexa cal for a súa procedencia xurídica inicial e que compoñen no seu conxunto unha institución histórica propia de Galicia. Esta lei establecía que as parzarías e os arrendamentos rústicos históricos que estiveren vixentes na data da súa entrada en vigor quedarían prorrogados ata o 31 de decembro de 2005.

A publicación da Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, introduce unha nova prórroga nos arrendamentos rústicos históricos e nas parzarías ata o 31 de decembro de 2010.

Ao abeiro desta lei aprobouse o Decreto 182/2006, do 26 de outubro (DOG nº 208, do 27 de outubro), polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías

a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro, fixando un réxime de axudas dirixida a aquelas persoas titulares de arrendamentos históricos ou parzarías que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

As axudas cumpren cos requisitos exixidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como co establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao Sector Agrario e Forestal 2007-2013. (2006/C 319/01).

Mediante o Decreto 182/2006, do 26 de outubro (DOG nº 208, do 27 de outubro), fixéronse con carácter indefinido as bases reguladoras das axudas para aquelas persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

Unha vez aprobados polo Consello da Xunta de Galicia os orzamentos da comunidade autónoma para o exercicio 2010, procede realizar a convocatoria destas axudas para o dito exercicio.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

É obxecto desta orde o establecemento da convocatoria para o ano 2010, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para facilitar o acceso á propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías, de acordo coas bases reguladoras previstas no Decreto 182/2006, do 26 de outubro, polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro.

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

Para poder acollerse a estas axudas deberanse cumprir os requisitos establecidos no Decreto 182/2006, do 26 de outubro.

1. As axudas teñen por finalidade facilitar o acceso a propiedade ás persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías que, de conformidade co previsto na Lei 3/1993, do 16 de abril, exerzan o dereito de acceso á propiedade xudicialmente o mediante acordo extraxudicial.

Artigo 3º.-Prazo e presentación das solicitudes.

1. Para a convocatoria 2010, as solicitudes de axuda presentaranse no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.